



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA TRINTA DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZASETE.

En Paradela, a trinta de novembro de 2017

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas e cinco minutos, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. JOSÉ MANUEL MATO DÍAZ e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D. MARTÍN LÓPEZ LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. JESÚS PABLO LÓPEZ GONZÁLEZ

Non asiste D^a M^a MONTSERRAT MULET SAR e D^a ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ xustificando a súa ausencia.

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

Con motivo do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, que se conmemorou o pasado 25 de novembro, proceduse á lectura por parte do Primeiro Tenente Alcalde, D. Martín López López, da seguinte declaración institucional, consensuada polos grupos municipais do Partido Popular e o Partido Socialista:

Un ano máis, con motivo do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, que se conmemorou o pasado 25 de novembro, queremos manifestar o noso máis firme compromiso coas mulleres vítimas da violencia de xénero. Un compromiso activo, día a día, porque para erradicar a violencia requírese o compromiso individual e colectivo durante todos os días do ano.

A violencia machista é a manifestación máis terrorífica das desigualdades de xénero. Unha realidade estrutural que afecta, segundo ONU Mulleres, a un 35% das mulleres do planeta, e que non respecta nin culturas nin fronteiras.

A pesar de levar anos legislando a favor da igualdade de xénero dende todos os niveis de goberno, consideramos que os esforzos non son suficientes. No que vai de ano 45 mulleres foron asasinadas por violencia machista no conxunto do Estado; unha delas na nosa Comunidade. Na última década, as estatísticas falan: 575 mulleres asasinadas da man das súas parellas ou maridos. Estes datos todos sabemos que son unicamente a punta do iceberg do que realmente están padecendo as mulleres en situación de violencia e as súas fillas e fillos. Representan o desenlace máis dramático.

Convén lembrar que os menores son tamén vítimas da violencia de xénero e que este ano se rexistraron oito asasinatos de nenos/as; a cifra máis alta desde que se recollen estes crimes, no ano 2010. Dende entón 29 menores foron asasinados a mans das parellas ou exparellas de mulleres vítimas de violencia de xénero.

Conscientes de que o único modo de perseguir o obxectivo de 0 vítimas, é previr a violencia machista dende a cohesión social, cun modelo integral de seguridade cidadá;

cun pronunciamento rotundo individual e colectivo de rexeitamento ante o máis mínimo sinal de machismo, a loita contra as violencias machistas debe ser unha prioridade institucional e política, non só nos organismos e departamentos de igualdade senón en todos os ámbitos que afectan á vida das nosas veciñas e veciños.

Quixeramos que se puidese facer unha intervención única e con iso resolver o problema.

Sen embargo, non existen atallos nin camiños curtos. Temos que desmontar xuntos e xuntas moitos clixés dunha sociedade patriarcal que segue a perpetuar códigos de xénero e a dicirnos como deben ser e comportarse as mulleres e tamén os homes. Son estereotipos e roles interiorizados de maneira inconsciente por todos e todas, que continúan a lexitimar e a fortalecer os primeiros estadios da violencia machista. Ningún agresor inicia a súa relación con violencia física. Sabemos que se produce dun xeito graduado e que vai aumentando en intensidade.

Actuar sobre as violencias machistas supón recoñecer graves fendas de xénero no ámbito social, económico, cultural, e supón atallar as causas estruturais e sociais que sustentan estas desigualdades a través do desenvolvemento de políticas de igualdade e do respecto minucioso aos dereitos humanos das mulleres.

Para combater a violencia de xénero é preciso recoñecer as súas múltiples formas e manifestacións, e tamén denunciar a cultura da violencia, a cultura da violación e a cultura da submisión que alimentan o patriarcado. Combater a violencia de xénero significa adoptar acordos e compromisos políticos para aumentar os orzamentos públicos destinados a facerlle fronte e a dotar os equipamentos especializados dos recursos necesarios para a súa prevención, atención e tratamento.

Dende o Concello de Paradela queremos expresar con firmeza, non só o noso rexeitamento ás violencias que sofren as mulleres polo mero feito de selo, senón tamén dar conta de que é algo que nos compromete a todas e a todos, axentes sociais, institucións, cidadanía, medios de comunicación, recoñecendo a importancia do papel das entidades locais en tanto poderes públicos próximos ás realidades que viven as mulleres, os nenos e as nenas. Queremos reiterar o noso compromiso para loitar pola erradicación das violencias contra as mulleres; amosando, **o noso firme rexeitamento de quen a exerce e da complicidade de quen as silencia**. A recente aprobación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero ten que marcar o avance para erradicar este grave problema social. Cómpre intensificar a colaboración coa rede de concellos en contra da violencia de xénero para conseguir unha maior efectividade de recursos en cuestións como sensibilización, formación e asistencia ás vítimas.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O PASADO VINTE E OITO DE SETEMBRO DE 2017 E DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O PASADO NOVE DE NOVIEMBRE DE 2017.

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar ás actas, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 28 de setembro de 2017 e da sesión extraordinaria celebrada o pasado 9 de novembro de 2017; das que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 28 de setembro de 2017 e da acta da sesión extraordinaria celebrada o pasado 9 de novembro de 2017. O resultado foi de aprobación polos sete Concelleiros (cinco do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal do Partido Socialista) que asisten á sesión, sendo nove o seu número legal de membros.

2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIONS DE ALCALDÍA.

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucións de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario. (Dende o 2017-0176 ao 2017-0211).

O Pleno dase por enterado.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE PARADELA PARA A XESTIÓN DO CENTRO RESIDENCIAL E DE DÍA DO CONCELLO DE PARADELA.

O Sr. Alcalde fai un breve resumo da proposta, manifestando que se trata da cesión do inmovible e do equipamento da residencia e do Centro de Día por parte do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, para a xestión da mesma por parte do Concello por un prazo de catro anos prorrogables por outros catro anos máis.

Toma a palabra a Voceira do Grupo Municipal Socialista, Dona Sonsoles López Izquierdo, dicindo que se trata dun convenio cun contido moi simple, considerando ademais escasa a vixencia do Convenio de catro anos máis outros catro prorrogables; dicindo ademais que a residencia non estará en funcionamento a finais de ano como dixo o Alcalde fai pouco tempo, e ten esperanza de que a mediados do no 2018 estea en funcionamento, xa que ao Sr. Alcalde o tema da Residencia xa deu para moitas campañas electorais.

O Sr. Alcalde resposta dicindo que os procedementos administrativos son dilatados, destacando a colaboración e dispoñibilidade máxima que o Consorcio amosou respecto da Residencia do Centro de Día, en todo momento.

Consta no expediente, a seguinte proposta de Alcaldía:

“Visto o escrito do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, con entrada en data 25 de setembro de 2017 no rexistro do Concello 2017-E-RC-966 , no que se remitía o borrador de Convenio de colaboración para a xestión por parte do Concello de Paradela, do centro residencial e de día construído pola Xunta de Galicia.

Visto o Informe da Directora Xeral de Administración Local, de data 21 de novembro de 2017, con rexistro de entrada no Concello de Paradela 2017-E-RC-1205 sobre a inexistencia de duplicidade para ampliación das actividades en materia de servizos sociais, mediante explotación do servizo de centro de día de persoas maiores de conformidade co disposto na Lei de Bases de Réxime Local e na Lei de medidas Urxentes (Lei 5/2014 de 27 de maio); no que conclúe “que o Concello de Paradela propón a prestación dun servizo social comunitario que corresponde ao concello en exercicio dunha competencia propia atribuída con anterioridade á entrada en vigor da

Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, non existindo inconveniente na prestación do sito servizo sempre que se cumpran os preceptos normativos que resulten de aplicación para o inicio da prestación do servizo”.

Por parte desta Alcaldía, elévase ao Pleno, a seguinte proposta de ACORDO:

Aprobar a proposta de convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Paradela para a xestión do centro residencial e de día do Concello de Paradela, que a continuación se transcribe:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE PARADELA PARA A XESTIÓN DO CENTRO RESIDENCIAL E DE DÍA DE PARADELA

REUNIDOS

Dunha parte, Don José Manuel Rey Varela, Conselleiro de Política Social, en virtude da súa condición de Presidente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, segundo o previsto no artigo 13 dos estatutos que o regulan (DOG núm. 131, do 7 de xullo de 2006), e de conformidade coas atribucións que lle encomendan os artigos 18 e demais concordantes dos referidos estatutos.

Doutra parte, Don José Manuel Mato Díaz actuando en representación do Concello de Paradela, en virtude da súa condición de Alcalde Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

As partes, no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- *Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (en diante o Consorcio), creado en virtude do convenio de colaboración subscrito o día 3 de xullo de 2006, de acordo co artigo 6 dos seus estatutos, publicados no DOG do 7 de xullo de 2006, ten como misión primordial a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local, (centros de prestación de servizos sociais de atención especializada e tamén centros de prestación de servizos sociais de atención primaria “cando así o solicite o concello interesado”).*

Que o Consorcio naceu así, de acordo ás súas finalidades e competencias, co obxecto de implantar un modelo homoxéneo de prestación de servizos sociais e desta maneira:

- garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente;*
- incrementar os niveis de cobertura, intensidade e calidade de atención dos distintos servizos e prestacións;*
- Realizar unha distribución efectiva dos servizos e prestacións a fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación, asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa, e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu contorno propio.*



Concello de Paradela

SEGUNDO.- A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, establece no seu artigo 64 que a Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos co fin de asegurar a calidade e cunha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e ao mantemento de servizos sociais comunitarios específicos. Esta coordinación poderá levarse a cabo a través de fórmulas xurídicas adecuadas para tal fin, como as fórmulas de cooperación interadministrativa de natureza consorcial. A estes efectos, a propia disposición adicional segunda da devandita lei fai referencia expresa ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o cumprimento deses obxectivos.

Asemade, a Lei 13/2008 prevé no seu artigo 29.1 que os servizos sociais prestaranos as administracións públicas directamente ou, de maneira indirecta, a través das diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos establecidos na normativa reguladora dos contratos do sector público.

TERCEIRO.- Que o Concello de Paradela (en diante o Concello), adheriuse ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio do Convenio asinado con data de 3 de maio de 2017.

CUARTO.- Que con data de 4 de setembro de 2017 ao abeiro da Orde da Consellería de Facenda foi acordada a adscrición ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do terreo con referencia catastral 7359027PH1375N0001JP e o edificio sobre el construído, sito na Rúa Galicia n.º 3, de Paradela, Municipio de Paradela. Esta adscrición realízase manténdose a afectación ao dominio público e para a finalidade de prestación de servizos e dun Centro Residencial e de Día para persoas maiores.

QUINTO.- Que ambas as partes manifestan a súa vontade de garantir de maneira inmediata a posta en funcionamento do centro obxecto deste convenio mediante a fórmula de colaboración que se concreta neste convenio, así como o cumprimento dos fins para o que foi proxectado o centro de atención ás persoas maiores, co fin de prestar este servizo ás persoas do Concello que presentan esta necesidade de atención.

Que de conformidade con todo o exposto, as partes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscrición do presente convenio, coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer o marco de colaboración para a xestión do servizo do Centro Residencial e de Día sito na rúa Galicia n.º 3, de Paradela, no Concello de Paradela, para garantir a prestación deste servizo no Concello.

SEGUNDA.- Obrigas das partes

O Consorcio cede ao Concello de Paradela o uso do inmovible e do seu equipamento, para o servizo de atención ás persoas maiores veciñas do Concello de Paradela e da súa comarca. A estes efectos xúntase ao presente documento, como Anexo, o inventario descritivo dos bens existentes no centro na data da súa sinatura.



Concello de Paradela

O Consorcio apoiará o desenvolvemento desta actuación, podendo colaborar na realización de actuacións de información e asesoramento necesarios para que os obxectivos pretendidos poidan acadarse de xeito mais eficaz, mais, en ningún caso o Consorcio asumirá custe algún.

O Concello de Paradela asumirá a xestión integral do dito centro directamente ou, de maneira indirecta, a través das diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos establecidos na normativa reguladora dos contratos do sector público, e demais normativa de aplicación vixente.

Corresponderalle, así mesmo, a elaboración das normas de carácter interno e do proxecto de atención xerontolóxica, dentro dos obxectivos do sistema de servizos sociais definidos pola Lei 13/2008, do 3 de decembro do servizos sociais de Galicia.

O Concello, en virtude do presente convenio, farase cargo do financiamento de todos os custes derivados do funcionamento e do mantemento do centro. Así mesmo, manterá o centro e o seu equipamento e instalacións en perfectas condicións de conservación e funcionamento, debendo, a tal efecto, subscribir os contratos de mantemento e seguros preceptivos para a coberturas dos riscos de danos do inmovible e do seu equipamento (contido e continente), así como levar a cabo as reparacións e reposicións que sexan necesarias facendo fronte aos deterioros propios do funcionamento diario do centro e do seu equipamento.

O Concello asumirá ademais todos aqueles gastos e tributos que xere o inmovible obxecto de cesión en virtude do presente convenio.

A responsabilidade civil de danos a terceiros que eventualmente se puidese ocasionar quedará cuberta por unha póliza que o Concello haberá de ter subscribida para os efectos, respondendo directa e exclusivamente dos danos que poidan ocasionarse ás persoas e ao inmovible así como ao equipamento que se detalla no anexo unido ao presente documento, que será devolto á súa finalización en bo estado, salvo os deterioros que puideran causarse polo uso ordinario dos mesmos.

TERCEIRA.- Protección de datos de carácter persoal

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva da prestación do servizo e ao cumprimento das obrigas establecidas en relación co seu tratamento, de conformidade co previsto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e o disposto no Real Decreto 1720/2007, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da referida lei orgánica e, en todo momento, as disposicións vixentes na materia.

CUARTA.- Comisión de seguimento

Créase unha comisión mixta para a vixilancia e seguimento do convenio que estará integrada polo Alcalde do Concello e a persoa titular da xerencia do Consorcio ou persoas en quen deleguen.

As funcións desta comisión serán as seguintes: a avaliación dos resultados da execución do convenio, a resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do convenio, a resolución dos problemas que se presenten na execución do convenio, garantindo o desenvolvemento normal dos compromisos adquiridos.

QUINTA.- Duración e entrada en vigor

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha duración de 4 anos desde a devandita data. Non obstante, en calquera momento antes

da finalización do dito prazo poderase acordar unanimemente por ambas as partes a súa prórroga por un período de ata 4 anos adicionais ou a súa extinción.

SEXTA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- a) O acordo das partes asinantes.
- b) O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- c) A concorrencia de circunstancias que determinen a imposibilidade de realizar as actuacións previstas no convenio.

SÉTIMA.- Publicidade

O convenio será obxecto de publicación de conformidade co artigo 11.1 da Lei 4/2006, de 30 de xuño de transparencia e boas prácticas Administración pública galega e, consonte o previsto no Decreto 126/2006 polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o Consorcio remitirá ao órgano correspondente, orixinal e copia compulsada deste convenio, unha vez asinado, para os efectos de inscrición no devandito rexistro.

OITAVA.- Natureza e réxime xurídico aplicable

O presente convenio terá carácter administrativo. Os seus efectos rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo e no, non previsto, aplicaráselle os principios do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse.

As cuestións litixiosas que xurdan respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas, en primeira instancia pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula quinta deste convenio. Os conflitos que poidan xurdir entre as partes, e que non poidan resolverse no seo da devandita Comisión de Seguimento, someteranse á resolución da xurisdición contencioso-administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por triplicado exemplar no lugar e data expresados.

En Santiago de Compostela a

**O PRESIDENTE DO CONSORCIO GALEGO
DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR**

Asdo. José Manuel Rey Varela

**O ALCALDE DO CONCELLO
DE PARADELA**

Asdo. José Manuel Mato Díaz

ANEXO

(Neste anexo haberá de incluírse a relación de mobiliario do centro)

Paradela, a 24 de novembro de 2017 O Alcalde por delegación (Decreto 2017-0211 de data 21.11.17) Asdo.: Martín López López. Documento asinado electronicamente á marxe.

A continuación, sométese a proposta de alcaldía a votación, que resulta aprobada pola maioría absoluta, cos votos a favor dos cinco Concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular e a abstención dos dous membros do Grupo Municipal Socialista, sendo nove o número legal de membros.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2018.

O Sr. Alcalde inicia a súa intervención destacando que o proxecto de orzamento se presenta en tempo e forma, destacando que o mesmo pasa de 1.350.000,00 euros do orzamento de 2017 a 1.515.000,00 euros do ano 2018 facendo un resumo dos importes e das porcentaxes que representan cada capítulo do estado de gastos, e o baixo nivel de endebedamento do Concello.

A continuación púxose de manifesto o Anexo de Inversións, contido no expediente e que se reflicte a continuación, sendo este susceptible de variación en base aos distintos plans que vaian sendo aprobados pola administración autonómica e provincial:

DENOMINACIÓN PROXECTO	ANUALIDADE	IMPORTE ANUALIDADE	FINANCIACIÓN
Plan Único de Cooperación cos Concellos Rexeneración e pavimentación de accesos a núcleos	2018	205.440,68 €	93,81 % Aportación Deputación 6,19 % Aportación municipal
Plan mellora Camiños municipais 2017-2018	2018	41.334,78 €	70,42 % Aportación AGADER 29,58 % Aportación municipal
Honorarios redacción proxecto e dirección de obra	2018	4.686,88 €	100 % Aportación municipal
Apertura, explanación e afirmado de camiños rurais	2018	21.537,56 €	100 % Aportación municipal
Adquisición de terreos Parcelas 13 e 14 do polígono Industrial	2018	32.180,24 €	100 % Aportación municipal
1º Fase construción nave viveiro de empresas Polígono Industrial	2018	120.000,00 €	100% Aportación municipal
Renovación de instalacións de iluminación exterior núcleos Camiño Francés	2018	13.300,00 €	100 % Aportación Axencia de Turismo de Galicia
Adquisición fondos bibliográficos Biblioteca	2018	500,00 €	100% Aportación municipal
TOTAL		438.980,14 €	

Por parte do Sr. Alcalde ponse de manifesto que a obra de mellora de Camiños rurais consiste no asfaltado da vía do núcleo de Vilaragunte, dende a rotonda do polígono industrial ata Teicide. Asemade di que respecto dos terreos a cantidade reflectida refírese a un 25% do custo das parcelas e a integridade do IVE (o 100%), e

espera recibir axudas por parte da Consellería de Industria para darlle o pulo que necesita Polígono Industrial.

Toma a palabra, Dona Sonsoles López, Voceira do Grupo Municipal do Partido Socialista, dicindo que se mellora o orzamento do exercicio 2017, fundamentalmente polas aportacións que realiza a Deputación, se ben non coincidimos no tipo de inversións que precisa o Concello, xa que considera que hai outras infraestruturas máis prioritarias como son as estradas, abastecementos de auga, depósitos de auga, centro socioculturais ou facer un inventario de camiños e bens municipais, votando de menos a partida de gastos derivada da posta en funcionamento da Residencia e do Centro de día.

Destaca que os 152.000 euros que se van a invertir no polígono industrial este ano máis os que veñan en anos posteriores, non son prioritarios, xa que nos dez anos que leva de Concelleira en Paradela leva escoitando ao Sr. Alcalde dicir que en Paradela se van a asentar empresas e a día de hoxe nada de nada, polo que pregunta que tipo de empresas pensa que van a vir e prevé que se asenten.

O Sr. Alcalde resposta dicindo, que en diversos concellos, como por exemplo en Friol o viveiro de empresas está a funcionar e sabe de empresas de Paradela que estarían interesadas, manifesta asemade que a experiencia dos centros sociais é a que é, non funcionando en xeral, no centro social de Aldosende hai un ano que non se reúnen, e respecto dos abastecementos de auga foronse facendo todos os que foron demandados polos veciños, porque en moitos pobos prefiren ter o seu pozo de uso individual.

Dona Sonsoles López, replica dicindo que en Sarria hai en cada pobo un centro social que funcionan e son de categoría, ademáis de que a nave que se constrúa no polígono quedará alí e ao final será usada polo Concello, porque a medio prazo non vai haber empresas, reiterando que os cartos que se invirten no polígono deberían destinarse a outras necesidades máis urxentes como depósitos e abastecementos de auga.

O contido da proposta, que consta no expediente é a seguinte:

Confeccionado o orzamento xeral municipal para o exercicio 2018 xunto coas respectivas Bases de Execución e demais Anexos ou Estados que deban acompañalo, de conformidade co establecido nos artigos 166 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, esta Alcaldía eleva ao Pleno a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ao proxecto de orzamento xeral municipal para o exercicio 2018 co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS	
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
A) GASTOS POR OPERACIÓNS CORRENTES	
CAPÍTULO I: Gastos de Persoal	479.620,56
CAPÍTULO II: Gastos en Bens Correntes e Servizos	535.649,30
CAPÍTULO III: Gastos Financeiros	1.182,19
CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes	36.750,00
B) GASTOS POR OPERACIONES DE CAPITAL	
CAPÍTULO VI: Inversións Reais	438.980,14
CAPÍTULO VII: Transferencias de capital	0,00



OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	0,00
CAPÍTULO IX: Pasivos Financeiros	22.817,81
TOTAL:	1.515.000,00

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
A) INGRESOS POR OPERACIÓNS CORRENTES	
CAPÍTULO I: Impostos Directos	384.000,00
CAPÍTULO II: Impostos Indirectos	34.000,00
CAPÍTULO III: Taxas e outros Ingresos	135.890,00
CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes	723.977,12
CAPÍTULO V: Ingresos Patrimoniais	2.000,00
B) INGRESOS POR OPERACIÓNS DE CAPITAL	
CAPÍTULO VI: Enaxenación inversións reais	0,00
CAPÍTULO VII: Transferencias de Capital	235.132,88
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	0,00
CAPÍTULO IX: Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:	1.515.000,00

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente a plantilla de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral, así coma o anexo de inversións.

TERCEIRO.- Expoñer ao público o Orzamento Xeral para o exercicio 2018, as Bases de Execución, a plantilla de persoal e o anexo de inversións aprobados, polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncios no Boletín da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos do seu exame e presentación, no se caso das reclamacións oportunas polos interesados.

CUARTO.- Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente reclamación algunha.

QUINTO.- Remitir copia á Administración do Estado, así coma ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

Paradela, 27 de novembro de 2017. O Alcalde por delegación. Asdo.: Martín López López”.

Sométese a proposta de alcaldía a votación, que resulta aprobada pola maioría absoluta cos votos a favor dos cinco Concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular e o voto en contra dos dous membros do Grupo Municipal Socialista, sendo nove o número legal de membros.

5º.- DACIÓN DE CONTA SENTENCIA 00268/2017 DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N.º 1 DE LUGO REFERENTE A DENUNCIA RELATIVA Á REPOSICIÓN DUN CAMIÑO PÚBLICO NO LUGAR DE PRESELAS – CASTRO DE REI.

Neste punto da orde do día, dase conta da Sentenza n.º 00268/2017 do Xulgado Contencioso Administrativo n.º 1 de Lugo, con entrada no rexistro do Concello (Rex.



Núm. 1206) en data 21 de novembro de 2017, polo que se condena ao Concello a “finalizar *EL PROCEDIMIENTO* (que no necesariamente el ya iniciado en el año 2011) sobre la averiguación y titularidad del camino de litis, resolviéndolo del modo que corresponde en el *PLAZO DE DOS MESES*, computados a partir del día siguiente a la notificación de la presente sentencia”.

O camiño obxecto da litis, refírese ao camiño que da servizo a parcela 2311 do polígono 23, sita en Preselas, parroquia de Castro de Rei, sendo demandante José Ramón Arias López e interesada/codemandada xunto co Concello, Julia Fernández Castro, camiño que foi obxecto dun expediente de investigación iniciado no ano 2014 e non resolto, o que dou lugar a interposición do contencioso administrativo anteriormente referido, polo que o Concello procederá a dar cumprimento ao sinalado no prazo establecido procedendo a decltación de caducidade do expediente e abrindo un novo, incorporando todas as actuacións existentes no mesmo, procedendo a dar audiencia aos interesado por un prazo de quince días e resolvendo dentro do prazo de dous meses sinalado na Sentencia.

Dona Sonsoles López Izquierdo, voceira do Grupo Municipal Socialista, di que como xa manifestou no anterior punto do día, un inventario de camiños serviría para evitar cuestións como estas.

O Sr. Alcalde di que o inventario ten un elevado custe e en moitos casos non aclararía gran cousa nin se resolvería o problema nin en un ano nin en dous, sinalando que un camiño público é sempre público independentemente do uso e habería que proceder a desafectalos e en moitos casos habería conflitos.

O Pleno dase por enterado.

6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA CONTRA O ABANDONO DO MEDIO RURAL GALEGO.

Por parte da Voceira do grupo Municipal Socialista, procedeuse a lectura da Moción contra o abandono rural galego, con entrada no Rexistro do Concello en data 24 de novembro de 2017 (Rex. Núm. 1219), co seguinte tenor literal

”Dª. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, na súa condición de voceira do Grupo Socialista no Concello de PARADELA comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46,2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA CONTRA O ABANDONO DO MEDIO RURAL GALEGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A recente vaga de lumes que ven de afectar ao territorio galego e á provincia de Lugo hai escasos días, puxo de manifesto a súa vulnerabilidade, tanto a do rural como a do urbano. Este evento climático extremo, lembroulle ao conxunto da nosa sociedade

as dúas velocidades nas que se desenvolve Galicia: mal lle vai ir a unha si lle vai mal a outra.

O lume que chegou as portas da maior cidade de Galicia e de moitos dos concellos da montaña e da zona sur da provincia de Lugo, conecta coa traxedia do veciño Portugal (con máis de cen persoas falecidas este verán polo lume incontrolado), e que puxo diante dos ollos dos galegos a profunda crise que vive o noso medio rural, así como o posible escenario de catástrofe cara o que nos encamiñamos se persiste este abandono. Precisamos aplicar urxentemente medidas intelixentes, antes de que sexa demasiado tarde.

Na nosa provincia resulta inqueda ver como o concello de Cervantes faise famoso polas catástrofes en lugar de o seren por tratarse de un dos espazos con maior riqueza medioambiental e natural da nosa provincia. Agora a Xunta lémbrese da nosa montaña.

A través do sector primario da noso rural, ponse de manifesto a escaseza de medidas reais das que carece a Xunta de Galicia para a contención económica que asegure a necesaria supervivencia das explotacións agrarias e gandeiras que se viron afectadas polas inclemencias climáticas (xeadas e seca) e polos lumes catastróficos.

Levamos décadas de desatención, envellecemento demográfico, falta de relevo xeracional nas explotacións, abandono da actividade agraria e gandeira, eliminación de toda clase de servizos públicos: peches de escolas e centros de saúde, retirada de liñas de autobuses, procesos todos que están a dar como resultado o despoboamento rural e o cese da actividade produtiva en grande parte do territorio, así como tamén a transformación da nosa paisaxe cara unha realidade estrutural chea de perigos.

Sen actividade produtiva non hai xestión do territorio nin control da biomasa, nin mantemento dos cortalumes naturais que supoñen prados, pastos, cultivos e terras de labor. Porque o que non xestionemos coa actividade agrícola, gandeira ou forestal, vaino xestionar o lume.

Pero non pode haber actividade produtiva se esta non é rendible, nin pode haber actividade produtiva si non hai xente que aposte por vivir no rural e facer del a súa forma de vida. E para que iso suceda, a xente ten que ter servizos á altura dos tempos en que vivimos, así como percibir un recoñecemento por parte da sociedade que actualmente sustenta o noso rural, e unha aposta clara das Administracións Públicas por manter un rural vivo, activo e con futuro.

Na procura dun desenvolvemento territorial harmónico e sostible, o Grupo Provincial Socialista considera que as entidades competentes deben asumir dunha vez a súa responsabilidade e establecer medidas construtivas que aseguren un futuro digno do rural.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista, somete á consideración do Pleno da Corporación e aprobación se o considera, os seguintes

ACORDOS

1.- Solicitar á Presidencia da Xunta de Galicia a apertura dunha mesa de traballo na que estean representados todos os actores institucionais, sociais e económicos que poidan facer achegas para desenvolver medidas políticas urxentes para combater o abandono do medio rural galego.

2.- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a que aplique a dotación orzamentaria suficiente e sostida no tempo que permita afrontar de xeito claro e ao

marxe das convocatorias electorais, un plan de investimentos en infraestruturas, servizos e innovación que mude a tendencia actual do rural.

3.- *Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a que de carácter urxente aplique medidas reais de contención económica que aseguren a supervivencia das explotacións agrarias e gandeiras que se viron afectadas polas inclemencias climáticas (xeadas e seca) e os lumes catastróficos.*

4.- *Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a que deseñe e aplique unha nova política forestal, que permita harmonizar os usos produtivos do monte coa protección medioambiental e a prevención dos lumes, buscando fórmulas efectivas que faciliten a agrupación forestal de terreos particulares, e así como tamén que permitan poñer en produción agraria ou forestal a superficie de montes veciñais.*

6.- *Instar á autoridade de Xestión do Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia a que na distribución de Fondos da FEADER para o período 2020 - 2026 prevaleza atender ás necesidades reais de agricultores e gandeiros, reforzando as súas rendas, a través do coidado medioambiental do territorio.*

7.- *Instar á Xunta de Galicia a que garanta unha axeitada electrificación e unha axeitada chegada da banda larga de internet a todo o territorio rural galego, en condicións de igualdade con respecto ao servizo do que dispón o medio urbano, para poder facilitar a chegada da Sociedade da Información e a posta en marcha de novos modelos de servizos e negocios asociados a ela.*

9.- *Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a mellorar e incrementar os servizos no rural galego, sobre todo os puntos de atención sanitaria e asistencial, escolas (garantindo o nivel de calidade na formación no ensino primario e secundario), así como tamén á mellora e incremento das axudas para natalidade e conciliación no medio rural.*

10.- *Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a que regule as accións punitivas inxustificables contra as rendas dos produtores do rural por parte das administracións estatal e autonómica (catastrazo, inspeccións abusivas de Traballo, descontrol en reclamacións fiscais, etc)*

Lugo, 24 de novembro de 2017

Asdo.: *Sonsoles López Izquierdo*

Voceira socialista do Concello de Paradela”

Dona Sonsoles López Izquierdo, voceira do Grupo Municipal Socialista, di que se trata dunha moción moi ambiciosa, que hai que comprometerse co rural e a administración autonómica debe ser a forza motriz do desenrolo.

O primeiro tenente Alcalde, D Martín López López, resposta dicindo que a Xunta xa puxo en marcha un plan para fixar poboación no rural dotado con máis de 230 millóns de euros para executar no horizonte de 2020, onde puxo en marcha o programa de impostos cero no rural, medidas para a adquisición de vivenda no medio rural por determinados colectivos, deducións do 100% na cota nas transmisións inter vivos e agrupacións de solo rústico e nas transmisións de explotacións agrarias de carácter prioritario e a Comisión de Política Forestal foi aprobada pola Mesa do Parlamento o pasado 14 de novembro e xa se empezou a traballar nesta materia; polo que o grupo municipal do Partido Popular de Paradela vai votar en contra da Moción porque a Xunta ten presente o rural.

Dona Sonsoles López Izquierdo, voceira do Grupo Municipal Socialista, di que é de risa o de impostos cero no rural á vista da taxa de sesenta euros do catastrazo e da suba dos impostos e altas en tributación derivados do catastrazo, das multas e sancións que se impoñen, entre outros. A propostas da medida da vivenda é moi bonita pero na realidade quen vive do rural, a Xunta non defende os prezos dos gandeiros e non impón máis que trabas continuas e iso sabeno mellor que min. Feijoo pregoniza a lexislatura do rural e xa se ve o que está a facer.

En canto a Mesa da Comisión de Política Forestal mal empeza cando non están presentes todos os grupos, asemade di que o último plan forestal leva moitos anos no caixón e as axudas que se sacaron hai un mes no DOG non poñen máis que trámites imposibles de cumprir.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que hai axudas aos seguros agrarios e por aí é onde deben entrar gandeiros e agricultores, axudas hainas e non está o campo como vostede di, en Paradelas outrogáronse máis de catro millóns e pico de euros entre plans de mellora, incorporación e outros.

A voceira do Grupo Municipal Socialista dirixíndose aos Concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular que teñen condición de gandeiros di que se alegra de que os agricultores de Paradelas estean tan contentos e espera que diante dela non se queixen da súa situación.

O Sr. Alcalde resposta dicindo que dende a Deputación tamén teñen que traballar polo rural, ampliando as carreteras que son arterias do Concello como se facía antes; xa que nos últimos dez anos levan sen ensachar as estradas provinciais, e iso é traballar e apostar polo rural. É fácil disparar á Xunta.

Dona Sonsoles López Izquierdo, voceira do Grupo Municipal Socialista, di que está de acordo nese punto, pero o rural non o vai resolver só o Concello nen a Deputación, a Xunta é que ten que facer unha política coordinada e transversal, xa que dispón de moito máis orzamento.

Tras o intenso debate, procédese á votación da Moción, que resulta rexeitada polo voto en contra dos cinco membros do Grupo Municipal do Partido Popular, polos dous votos a favor do Grupo Municipal Socialista, sendo nove o número legal de membros.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se presentaron formalmente preguntas en rogos por escrito, se ben dase a posibilidade de formulalos neste intre, non producíndose rogo ou pregunta algunha.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as catorce horas e trinta minutos do trinta de novembro de dous mil dezasete, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

Vº e praxe

O Alcalde

Asdo.: José Manuel Mato Díaz

O Secretario-Interventor

Asdo.: José López González

Documento asinado electronicamente á marxe